

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 26 DE FEBREIRO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 26 de febreiro de 2018, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 22 de febreiro de 2018, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Carlos López Font
- Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal  
D. José Riesgo Boluda  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a, 3a, 8, 9, 10, 11 e 15)  
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2a, 3a, 8, 9, 10, 11 e 15)
- Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**2.- Apertura administrativa****a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE, S.A.U.
  2. PEDRO DE LA PUENTE CRESPO
  3. UTE TYPESA - MC2 - SOLTEC INGENIEROS, S.L.(porcentaxe de participación na UTE 45%-35%-20% respectivamente)
  4. SENER INGENIERÍA Y SISTEMAS, S.A.
- b) Á vista da declaración responsable presentada por IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE, S.A.U. na que indica que pertence a un grupo de empresas, concederlle un prazo de tres días hábiles para os efectos de que aclare



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:49	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4F-CED237-47374B-R9C9NN-KEQNEQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

se algunha das empresas do seu grupo concorren a esta licitación e, no seu caso, indique cales. Esta información resultará de interese no momento de aplicar o procedemento para a apreciación de ofertas desproporcionadas (artigo 86 RD 1098/2001, do 12 de outubro).

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321)**

Retírase da orde do día por non terse recibido todas as proposicións.

**3.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440)**

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

A empresa SENER INGENIERÍA Y SISTEMAS, S.A. só presenta un exemplar da documentación, polo que se realiza unha copia polo Servizo de Contratación

As proposicións presentadas por UTE G.O.C, S.A. E NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%) e UTE GALAICONTROLSL- HERMOSO & HEIMANNSFELD ARQUITECTOS, S.L.P. - LUIS COLLARTE RODRÍGUEZ (porcentaxe de participación na UTE ao 33,33%), non cumpren as esixencias previstas na cláusula 13.3 do prego de cláusulas administrativas particulares (“Estar asinada dixitalmente por persoa con poder de representación acreditado. Se o soporte non está asinado dixitalmente deberá achegarse unha declaración escrita do licitador, sinalando que o contido do soporte dixital achegado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate, e deberá ser asinado por persoa con poder de representación acreditado”).

En consecuencia, A Mesa acorda, por unanimidade, conceder aos citados licitadores un prazo de tres días hábiles para que emenden a súa proposición, achegando escrito asinado por persoa con poder de representación acreditado de cada unha das empresas que conforman as UTES no que subscriban as proposicións presentadas:

- Os apoderados de cada unha das empresas que conforman a UTE G.O.C, S.A. E NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P. deberán indicar que subscriben a proposición presentada na data 3 de xaneiro de 2018 co número de entrada no Rexistro Xeral 180001036.
- Os apoderados de cada unha das empresas que conforman a UTE GALAICONTROLSL- HERMOSO & HEIMANNSFELD ARQUITECTOS, S.L.P. - LUIS COLLARTE RODRÍGUEZ deberán indicar que subscriben a proposición presentada na data 5 de xaneiro de 2018 co número de entrada no Rexistro Xeral 180001851.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:49	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4F-CED237-47374B-R9C9NN-KEQNEQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O presidente e a secretaria asinan os exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321)**

Retírase da orde do día por non terse recibido todas as proposicións.

**8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440) (informe sobre C con proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos-xefe do Servizo de Vías e Obras o 26 de febreiro de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* con proposta de clasificación.

**9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos-xefe do Servizo de Vías e Obras o 26 de febreiro de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* con proposta de clasificación.

**10.- Propostas de clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non presentou xustificación ningunha en prazo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:49	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4F-CED237-47374B-R9C9NN-KEQNEQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	ORESA, S.L.	<b>93,58</b>
2	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	<b>92,85</b>
3	COPCISA, S.A.	<b>91,48</b>
4	NAROM, S.L.	<b>90,56</b>
5	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONST. S.A.)	<b>90,25</b>
6	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	<b>90,24</b>
7	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	<b>89,20</b>
8	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	<b>88,91</b>
9	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C., S.L.	<b>84,90</b>

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 999,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

## **11.- Propostas de adxudicación**

### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:49	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4F-CED237-47374B-R9C9NN-KEQNEQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 15 de febreiro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	<b>93,42</b>
2	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONST. S.A.)	<b>92,92</b>
3	CONST. CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	<b>92,80</b>
4	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	<b>91,93</b>
5	ORESA, S.L.	<b>91,89</b>
6	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	<b>91,75</b>
7	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	<b>91,45</b>
8	EXPLORACIONES MEDIOAMBIENTALES, S.L.U.	<b>90,78</b>
9	COPCISA, S.A.	<b>88,18</b>
10	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C., S.L.	<b>85,69</b>
11	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	<b>85,53</b>

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

**Terceiro.-** Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.023,76 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., o día 16 de febreiro de 2018, que presenta a documentación requirida o 22 de febreiro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 22 de febreiro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar *CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A.*, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A.*, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 1 e 9 de febreiro de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440) por un importe total de 153.177,30 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.584,49 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **15.- Incidencias**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440) (recurso de alzada interposto por CONSTRUCCIONES VALE, S.L. contra a non admisión da súa proposición neste procedemento)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:49	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4F-CED237-47374B-R9C9NN-KEQNEQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Dáse conta do recurso de alzada interposto o 21 de febreiro de 2018 por D<sup>a</sup>. Laudelina Domínguez Cerdeira, como administradora de CONSTRUCCIONES VALE, S.L. (registro de entrada nº 180027953).

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:49	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4F-CED237-47374B-R9C9NN-KEQNEQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		